

3. O Concello de Vilar de Barrio aprobou inicialmente o Plan xeral o día 24-5-2005, someteuno á información pública e solicitou os informes sectoriais correspondentes. Logo dos informes emitidos polos servizos xurídico e técnico, aprobou provisionalmente o PXOM o 27-10-2005.

4. A Dirección Xeral de Desenvolvemento Sostible da Consellería de Medio Ambiente resolveu con data do 15-3-2007 declarar a inviabilidade do sometemento do PXOM de Vilar de Barrio aos trámites previstos no artigo 7 da Lei 9/2006, sobre avaliación dos efectos de determinados plans e programas no ambiente.

5. Esta consellería mediante Orde do 20-4-2007 acordou, de conformidade co disposto no artigo 85.5º.b) da LOUG, non outorgar a aprobación definitiva do Plan xeral de Vilar de Barrio, no cal deben introducirse as modificacións necesarias para corrixi- r as deficiencias que nela se establecían.

6. O Concello Pleno en sesión do 25-6-2008 acordou aprobar o documento do PXOM que complementa a anterior orde desta consellería do 20-4-2007.

7. Ese documento foi remitido a esta consellería para resolver sobre a súa aprobación definitiva mediante escrito que tivo entrada no rexistro con data do 14-7-2008.

8. Esta consellería, logo de examinar a documentación presentada, detectou diversas deficiencias documentais, e requiriu o concello para que as corrixisse.

9. Ese requirimento foi atendido polo Concello con data do 7-5-2009.

## II. Consideracións e fundamentos.

De conformidade co artigo 89 da LOUG, e co artigo 1 do Decreto 316/2009, do 4 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, a competencia para resolver sobre a aprobación definitiva dos plans xerais de ordenación municipal correspóndelle ao conselleiro de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas.

A Secretaría Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo eleva o 17-6-2009 unha proposta, que se subscribe integramente, na cal se fan as seguintes consideracións ao respecto da aprobación definitiva do Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Vilar de Barrio:

1. No documento aprobado polo Pleno do Concello de Vilar de Barrio o 25-6-2008 aparecen corrixidas as deficiencias sinaladas na Orde do 20-4-2007.

2. Non obstante o anterior, comprobouse que existe un erro na ficha do único Plan Especial de Reforma Interior previsto, que determina unha edificabilidade residencial de 0'60 m<sup>2</sup>/m<sup>2</sup> que supera o límite de sustentabilidade de 0'50 m<sup>2</sup>/m<sup>2</sup> establecido no artigo 46.2º.d) da LOUG para o solo urbano non consolidado dos concellos de poboación inferior a 5.000 habitantes. En consecuencia, a superficie máxima construíble debe quedar establecida en 35.070 m<sup>2</sup>,

entendendo sen efecto as determinacións de xestión incongruentes con estes valores.

3. Así mesmo, como resultado do informe solicitado ao abeiro do artigo 26 da Lei 32/2003, xeral de telecomunicacións, a referencia ao Real decreto 279/1999 no artigo 7.9º.4 das normas urbanísticas debe quedar substituída polo Real decreto 401/2003, polo que se aproba o Regulamento das infraestruturas comúns de telecomunicacións; así como eliminar a restrición sinalada no artigo 7.9º.4 da normativa para a instalación de torres e bases de telefonía.

## III. Resolución.

Con base no antedito,

### RESOLVO:

Primeiro.-Outorgar a aprobación definitiva ao Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Vilar de Barrio, de acordo co punto 5.a) do artigo 85 da LOUG, nos termos sinalados nos puntos II.2 e II.3 anteriores.

Segundo.-De conformidade co disposto nos artigos 92 da Lei 9/2002 e 70 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, o concello deberá publicar no BOP a normativa e ordenanzas do PXOM.

Terceiro.-Notifíquese esta orde ao concello e publíquese no *Diario Oficial de Galicia*.

Contra esta orde cabe interpoñer recurso contencioso-administrativo ante a sala correspondente do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses, que se contarán desde o día seguinte ao da súa publicación, segundo dispoñen os artigos 10 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 18 de xuño de 2009.

Agustín Hernández Fernández de Rojas  
Conselleiro de Medio Ambiente, Territorio  
e Infraestruturas

## CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

*Corrección de erros.-Orde do 18 de xuño de 2009 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de subvencións a empresas galegas para a adquisición de equipamento industrial e se procede á súa convocatoria (procedemento administrativo IN 530B).*

Advertido erro na Orde do 18 de xuño de 2009 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de subvencións a empresas galegas para a adquisi-

ción de equipamento industrial e se procede á súa convocatoria (procedemento administrativo IN 530B), publicada no DOG nº 122, do 24 de xuño de 2009, cómpre realizar as seguintes correccións:

Na páxina 10.936 no artigo 4º, prazo de duración do procedemento de concesión, onde di:

«Unha vez rematado o prazo para a presentación de solicitudes, estas serán tramitadas e valoradas de acordo co procedemento establecido nas bases reguladoras, que non poderá ter unha duración superior a meses».

debe dicir:

«Unha vez rematado o prazo para a presentación de solicitudes, estas serán tramitadas e valoradas de acordo co procedemento establecido nas bases reguladoras, que non poderá ter unha duración superior a 9 meses.»

Na páxina 10.944, no artigo 10º alínea d), onde di:

«Certificados que acrediten a existencia na empresa dos sistemas de xestión referenciados no punto 2.5º b) do artigo 5º destas bases así como a existencia de memorias de RSE (de 0 a 10 puntos)».

debe decir:

«Certificados que acrediten a existencia na empresa dos sistemas de xestión referenciados no punto 2.5º a) do artigo 5º destas bases así como a existencia de memorias de RSE (de 0 a 10 puntos)».

*Resolución do 11 de maio de 2009 pola que se conceden seis bolsas de formación na Dirección Xeral de Comercio, convocadas pola Orde do 31 de decembro de 2008, e se establece a lista de reserva.*

Mediante a orde da Consellería de Innovación e Industria, do 31 de decembro de 2008 (DOG nº 40, do 26 de febreiro de 2009), establecéronse as bases reguladoras para a concesión das bolsas de formación na Dirección Xeral de Comercio e procedeuse á súa convocatoria.

Concluído o prazo de presentación de instancias e avaliadas as solicitudes presentadas de acordo cos criterios obxectivos fixados no artigo 12 das bases da convocatoria, a Comisión de Valoración elevou unha relación de seis persoas propostas para a adjudicación das bolsas e a listaxe de reserva para o caso de non-aceptación ou renuncia dalgunha delas.

En virtude do anterior, e de conformidade co establecido no artigo 13.2º das bases da convocatoria, esta consellería

#### RESOLVE:

Primeiro.-Concederlles seis bolsas de formación na Dirección Xeral de Comercio ás persoas beneficiarias que se relacionan no anexo I desta resolución.

Cada bolsa estará dotada con 9.750 euros brutos, distribuídos na forma indicada no artigo 15 das bases reguladoras.

As persoas que obteñan a bolsa terán que contratar unha póliza de seguro de asistencia sanitaria, no caso de non estar cubierto/a pola Seguridade Social ou por un seguro privado e contratar un seguro de accidentes polo período de duración da bolsa. Tales circunstancias acreditaranse antes do comezo do disfrute da bolsa.

Segundo.-Establecer a listaxe de reserva, por orde de prelación, que se indica no anexo II desta resolución para o caso de non-aceptación ou renuncia dalgunha das bolsas concedidas.

Terceiro.-Desestimar as demais solicitudes presentadas ao abeiro da Orde do 31 de decembro de 2008.

Cuarto.-Tramitar os correspondentes documentos contables con cargo á partida orzamentaria 2009.10.05.751A.480.0 para cada persoa beneficiaria. A contía de cada bolsa calcúlase desde a data de incorporación das persoas bolseiras ata o 31 de decembro de 2009.

Quinto.-As/os bolseiras/os deberán comunicar a súa aceptación ou renuncia no prazo máximo de cinco días hábiles contado desde o seguinte ao da notificación. No caso de aceptación, achegarán con ela a certificación bancaria da conta en que deba aboarse a bolsa.

Transcorrido o dito prazo, se as/os beneficiarias/os non se declarasen en ningún sentido, entenderase que renuncian á bolsa e procederase a adjudicarlle esta á/ao seguinte solicitante que figure por orde de puntuación na listaxe de reserva.

Así mesmo, no caso de que as/os adjudicatarias/os non acepten a bolsa ou non poidan incorporarse por calquera outro motivo, poderán ser substituídas/os polas persoas que figuren na listaxe de reserva en función da súa puntuación.

Quinto.-As persoas beneficiarias das bolsas terán as obrigas establecidas no artigo 18 das bases reguladoras da concesión delas.

Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, cabe interpoñer recurso postestativo de reposición ante o órgano que a ditou, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, ou ben directamente recurso contencioso-administrativo, ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses que se contarán desde a mesma data. En todo caso, non se poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se produza a desestimación presunta do recurso de reposición.

Santiago de Compostela, 11 de maio de 2009.

Javier Guerra Fernández  
Conselleiro de Economía e Industria